

C.C./Sof/Ms.

Data Rexistro. **14/03/2018 15:12:45**Nº Rexistro: **2018004704**

SAIDA

O Deputado Delegado, en virtude das competencias delegadas da presidencia según R.P. nº 201600789 de data 25/04/2016, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

INFORME - PROPOSTA

O artigo 10.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, determina que as persoas interesadas poden asinar a través de calquera medio que permita acreditar a autenticidade da expresión da súa vontade e consentimento, así como a integridade e inalterabilidade do documento.

O artigo 10.2 da mencionada lei indica que se considerarán válidos a efectos de sinatura os seguintes medios electrónicos:

- a) Sistemas de sinatura electrónica recoñecida ou cualificada e avanzada baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación». Para estes efectos, enténdense comprendidos entre os citados certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados os de persoa xurídica e de entidade sen personalidade xurídica.
- b) Sistemas de selo electrónico recoñecido ou cualificado e de selo electrónico avanzado baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de selo electrónico incluídos na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación».
- c) Calquera outro sistema que as Administracións públicas consideren válido, nos termos e condicións que se establezan.

Segundo o disposto no artigo 10.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as Administracións públicas poderán admitir os sistemas de identificación contemplados na devandita lei como sistema de sinatura cando permitan acreditar a autenticidade da expresión da vontade e consentimento das persoas interesadas.

Deste xeito, o uso de sistemas de identificación baseados na plataforma Cl@ve, para a realización da sinatura pretende evitar, ás persoas que se relacionen a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra, problemas de restricións de compatibilidade de navegadores, máquinas virtuais Java, versións de sistemas operativos ou a necesidade de dispor dun hardware e/ou software específico para realizar a sinatura local nun ordenador, xa que toda esa complexidade queda resolta polo sistema Cl@ve firma.

Do mesmo xeito, o uso deste sistema será de aplicación cando, aínda utilizándose un certificado electrónico no proceso de identificación, non se queira realizar unha sinatura electrónica local co devandito certificado,

O Esquema Nacional de Seguridade, regulado polo Real Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, e modificado por Real Decreto 951/2015, do 23 de outubro, de modificación do Real Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade no ámbito da

Administración electrónica, constitúe o marco legal que permite definir e establecer as medidas para garantir a seguridade dos sistemas, os datos, as comunicacións e os servizos electrónicos, que permita ás persoas interesadas e ás Administracións públicas, o exercicio de dereitos e o cumprimento de deberes a través destes medios.

Nesta liña, en materia de efectos xurídicos das sinaturas electrónicas, o Regulamento (UE) n. 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e os servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior e pola que se derroga a Directiva 1999/93/CE, no seu artigo 25.1 determina que non se denegarán efectos xurídicos nin a admisibilidade a unha sinatura electrónica que non cumpra os requisitos da sinatura electrónica cualificada.

Por todo o anteriormente exposto, elevase o Deputado Delegado a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN: Prestar aprobación do réxime de uso de sistemas de sinatura electrónica non baseados en certificados electrónicos na Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra:

RÉXIME DE USO DE SISTEMAS DE SINATURA ELECTRÓNICA NON BASEADOS EN CERTIFICADOS ELECTRÓNICOS NA SEDE ELECTRÓNICA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

PRIMEIRO. Obxecto

O réxime de uso de sistemas de sinatura electrónica non baseado en certificados electrónicos que será considerado como válido nas relacións das persoas interesadas na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, de acordo co artigo 10.2. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Sen prexuízo, doutros sistemas de sinatura implantados, de acordo co artigo 10.2. c) e 10.3 e que ofrezan as garantías de seguridade suficientes para xestionar a integridade e o non repudio, segundo o principio de proporcionalidade recollido no artigo 13.3, Xestión de Riscos do Seguridade do Esquema Nacional de Seguridade.

SEGUNDO. Ámbito de aplicación

O presente réxime será de aplicación aos procedementos administrativos tramitados a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

TERCEIRO. Criterios de uso

Todos os sistemas de sinatura electrónica admitidos deberán garantir o cumprimento dos requisitos previstos no apartado primeiro do artigo 10 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Isto é, que estes sistemas permitan acreditar a autenticidade da expresión da vontade e consentimento das persoas interesadas, así como a integridade e inalterabilidade do documento.

A habilitación dun sistema de sinatura electrónica non criptográfica deberá cumprir co Esquema Nacional de Seguridade para garantir a seguridade dos datos e os servizos, como un instrumento capaz de permitir a comprobación da autenticidade da procedencia e a integridade da información ofrecendo as bases para evitar o repudio.

O Esquema Nacional de Seguridade establece a necesidade de categorizar os sistemas de información, sendo a categoría dun sistema de información, en materia de seguridade, a que permite modular o equilibrio entre a importancia da información que manexa, os servizos que presta e o esforzo de seguridade requirido, en función dos riscos aos que está exposto, baixo o principio de proporcionalidade.

En aplicación desta norma, poderanse utilizar sistemas de sinatura electrónica non criptográfica na sede electrónica cando o sistema de información asociado ao procedemento fose categorizado, segundo o Esquema Nacional de Seguridade, de categoría básica e aqueles de categoría media nos que non sexa necesario utilizar a sinatura avanzada, cando así o dispoña a normativa reguladora aplicable.

CUARTO. Garantía de funcionamento

Garantirase a integridade de toda documentación achegada polas persoas interesadas na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, utilizando os sistemas de sinatura previstos na presente resolución, mediante o selado realizado co selo electrónico cualificado ou recoñecido da Deputación de Pontevedra, á que se engadirá un selo de tempo realizado cun certificado cualificado e emitido por un prestador de selado de tempo supervisado.

Así mesmo, garantirase tamén a integridade, mediante o selado realizado co selo electrónico cualificado ou recoñecido da Deputación de Pontevedra e a adición dun selo de tempo realizado cun certificado cualificado e emitido por un prestador de selado de tempo supervisado, das evidencias necesarias para a verificación da identidade, recompiladas inmediatamente antes do acto da sinatura, así como, posteriormente, do consentimento explícito da persoa interesada co contido asinado, almacenando estas evidencias no sistema de información xunto coa información presentada. A integridade e conservación dos documentos electrónicos almacenados e dos seus metadatos asociados obrigatorios quedará garantida a través do selado co selo electrónico cualificado ou recoñecido da Deputación de Pontevedra e do resto de medidas técnicas que aseguren a súa inalterabilidade.

A Deputación de Pontevedra emitirá un xustificante de sinatura selado co seu selo electrónico de órgano e xerando o código seguro de verificación ou CSV, que será o documento con valor probatorio da actuación realizada.

QUINTO. Acreditación da autenticidade da expresión da vontade e consentimento das persoas interesadas

Para acreditar a autenticidade da expresión da vontade e consentimento das persoas interesada requirirase a autenticación destas mediante a plataforma Cl@ve, a verificación previa dos datos para asinar e a acción explícita por parte das persoas interesadas de manifestación de consentimento e expresión da súa vontade de sinatura.

SEXTO. Garantías no procedo de sinatura

Para garantir a trazabilidade o non repudio da sinatura por parte das persoas interesadas, a sede electrónica deberá acreditar a vinculación da expresión da vontade e os datos asinados coa mesma persoa. Para iso volverase a solicitar a autenticación das persoas interesadas no momento de proceder á sinatura.

Esta información será selada cun certificado electrónico cualificado ou recoñecido de selo da Deputación de Pontevedra, á que se engadirá un selo de tempo realizado cun certificado

qualificado e emitido por un prestador de selado de tempo supervisado, e será almacenada polo sistema de información asociado ao procedemento electrónico para o que se require a sinatura, como evidencia da verificación da identidade previa ao acto da sinatura, vinculada aos datos asinados. No caso de que os datos de identificación obtidos na autenticación inmediatamente anterior á sinatura non coincidan cos datos de identificación obtidos en autenticacións previas, o sistema de sinatura non permitirá a realización da mesma.

Unha vez finalizado o proceso de sinatura a sede electrónica da Deputación de Pontevedra emitirá un xustificante da presentación realizada, que será un documento lexible, de acordo coa norma técnica de interoperabilidade de catálogo de estándares.

Mediante este réxime de uso a Deputación de Pontevedra habilitará o uso de sistemas de sinatura non criptográfica, previstos no artigo 10.2.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que se considerarán válidos a efectos de sinatura na sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

É o que se ten a ben informar.

Pontevedra, 14 de marzo de 2018

O Secretario,


Carlos Cuadrado Romay

O xefe do servizo de Novas Tecnoloxías,


Juan Gabriel Fernández García de la Rocha

Vista a precedente proposta de resolución **RESOLVO**, de conformidade coa mesma.

O que lle comunico para o seu coñecemento, cumprimento e demais efectos.

Pontevedra, 14 de marzo de 2018

O SECRETARIO,